

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12616 *Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesación de actividade dos traballadores autónomos.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O traballo autónomo foi obxecto nestes últimos anos dunha gran transformación normativa. Sen achar parangón no panorama xurídico europeo, o 28 de xuño de 2007 o Parlamento español aprobou por unanimidade a Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, que entrou en vigor o 12 de outubro do mesmo ano. Deste modo, a Lei 20/2007, do 11 de xullo, supuxo un antes e un despois no ámbito da regulación de dereitos individuais e colectivos do traballador autónomo, na innovadora figura do traballador autónomo economicamente dependente, no fomento do emprego autónomo e, de modo concreto, na protección social, legal e pública para o traballador autónomo. Precisamente, en relación con este último aspecto, cabe destacar, tal e como establece o preámbulo do Estatuto do traballo autónomo, que o artigo 41 da Constitución española encomenda aos poderes públicos o mantemento dun réxime público de seguridade social para todos os cidadáns, onde se garanta a asistencia e as prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, polo que as referencias constitucionais á protección social non teñen por que se circunscribir ao traballo por conta allea. A propia Constitución española así o determina cando se emprega o termo «cidadáns» no artigo 41, sen establecer que os seus destinatarios deban ser exclusivamente os traballadores por conta allea. Así pois, o Estatuto do traballo autónomo fixou as regras equitativas de xogo, é dicir, o marco xurídico propicio para lograr a equiparación efectiva do traballo autónomo respecto do traballo por conta allea, tamén en materia de protección social.

Neste marco, é necesario constatar que a protección social para o traballo independente no plano internacional se regulou, na gran maioría de Estados desenvolvidos do mundo occidental, atendendo ás tradicionais formas de actividade autónoma dos sectores agrícola, comercial, industrial, de servizos, de artesanía e das profesións liberais. Neste sentido, en 1944 a Organización Internacional do Traballo, na súa Recomendación 67 sobre a seguridade nos medios de vida, proclamou o aseguramento dos traballadores independentes contra os riscos de invalidez, velez e morte nas mesmas condicións que os traballadores asalariados. En 1951 a Asociación Internacional de Seguridade Social incluíu a protección social do traballador autónomo entre os temas básicos de estudo e instou os gobernos á protección deste colectivo. A Unión Europea recolleu o criterio de protección social aos traballadores que exerzan actividade autónoma na súa Directiva 86/613/CEE do Consello, do 11 de decembro, e na Recomendación do Consello, do 18 de febreiro de 2003, relativa á mellora de protección da saúde e da seguridade dos traballadores autónomos.

II

En España, as prestacións sociais a favor dos traballadores autónomos ou por conta propia tardan en aparecer ata a segunda metade do século XX por medio do concepto

innovador de seguridade social, cuxo ámbito subxectivo se estende a todos os cidadáns, de forma que a Lei de bases da seguridade social do 28 de decembro de 1963 e o texto articulado da Lei de seguridade social de 1966 establecen, por medio dun réxime específico e especial, o recoñecemento legal ao traballador autónomo ou por conta propia da dita protección social. No contexto do marco xurídico vixente, o Estatuto do traballo autónomo de 2007 eríxese na norma básica que regula a protección social do traballador autónomo ou por conta propia que, ata a súa promulgación, viña contida de forma parcial na Lei xeral de seguridade social de 1994, que derroga a Lei de 1975, e de forma expresa no Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da seguridade social de traballadores por conta propia ou autónomos.

Porén, o proceso de mellora da protección do traballador autónomo no noso país non concluíu coa promulgación do Estatuto do traballo autónomo; pola contra, o desenvolvemento legal e regulamentario desta norma emblemática constitúe a «conditio sine qua non» para lograr a equidade co nivel de protección dispensado ao traballador por conta allea existente no ámbito laboral e, en concreto, nun aspecto tan crucial como é o da protección por desemprego. Neste sentido, o Goberno encargou a un grupo de expertos a elaboración dun informe que incluíse a proposta dun sistema específico de protección por cesación de actividade para os traballadores autónomos que se axustase ao mandato recollido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

O informe elaborado polo grupo de expertos foi presentado en decembro de 2008 polo ministro de Traballo e Inmigración e, con iso, configurouse definitivamente o punto de partida para elaborar un anteproxecto de lei sobre un sistema específico de protección por cesación de actividade do traballador autónomo. Por outra banda, é inevitable referirse á aparición dunha circunstancia sobrevida e externa ao devir lóxico no desenvolvemento estatutario do traballo autónomo, é dicir, o importante impacto da crise financeira e económica que afectou non soamente as relacións laborais, senón que de forma específica tivo unha repercusión significativa no traballo autónomo e, en especial, en actividades como a construción ou o comercio. Para tal efecto, con data do 17 de marzo de 2009 aprobouse en sesión plenaria no Congreso dos Deputados a Moción 173/55 denominada «Plan de rescate dos autónomos», que instaba o Goberno a elaborar unha proposta de sistema de prestación por cesación de actividade do traballador autónomo para remitir ás Cortes Xerais e con data do 5 de maio de 2009 rubricouse o acordo da Mesa do Traballo Autónomo, onde tamén figuraba a medida do desenvolvemento do sistema de prestación por cesación de actividade do traballador autónomo.

Tomando como referencia o informe do grupo de expertos e as observacións feitas polas asociacións de autónomos e os interlocutores sociais a este, o Ministerio de Traballo e Inmigración elaborou unha proposta que foi analizada pola Comisión Delegada para Asuntos Económicos o 23 de xullo, polo Consello de Ministros do 13 de agosto, sometida a informe na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais do 26 de agosto de 2009 no marco do Sistema Nacional de Emprego e pasada a consulta aos interlocutores sociais e asociacións de autónomos. Finalmente, tomouse en consideración o ditame emitido polo Consello Económico Social.

III

A lei consta de 19 artigos, encadrados en catro capítulos, máis quince disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e sete derradeiras.

O capítulo I regula as normas xerais do sistema específico de protección por cesación de actividade do traballador autónomo, delimitando o obxecto de protección e o ámbito subxectivo, que alcanza todos os traballadores autónomos incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos da Seguridade Social cubertos polas contingencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, incluíndo os traballadores por conta propia agrarios incluídos no ámbito do sistema especial de traballadores agrarios e os traballadores por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Así mesmo, recoñécese neste capítulo a acción protectora do sistema de protección, que está conformada por unha prestación económica e a cotización de Seguridade Social polo traballador autónomo das contingencias comúns ao réxime correspondente, incluída a contingencia común por incapacidade temporal, salvo o suposto do correspondente réxime de Seguridade Social en que de forma específica non se cotice pola dita contingencia común. A acción protectora comprenderá, tamén, a formación e orientación profesional dos beneficiarios con vistas á súa recolocación. Ademais, a lei establece os requisitos específicos para o nacemento do dereito e a consideración de situación legal de cesación de actividade que son determinantes para configurar e garantir a protección do traballador autónomo, protección que deriva dunha situación en todo caso involuntaria que debe ser debidamente acreditada; o mesmo ocorre, coas peculiaridades propias desta figura, no suposto do traballador autónomo economicamente dependente.

O capítulo II refírese ao réxime e á dinámica da protección por cesación de actividade do traballador autónomo que supón determinar as regras de solicitude e nacemento do dereito á protección, que abrangue a duración da prestación económica, fixando unha escala equilibrada que responde ao principio de cotización-prestación sen que iso supoña unha carga substancial na cota social do traballador autónomo, e que establece a contía da dita prestación económica. Do mesmo modo, introdúcense os suficientes elementos de seguridade xurídica na dinámica da protección que afecta as situacións de suspensión, extinción, incompatibilidades e incapacidade temporal e paternidade.

O capítulo III aborda o réxime financeiro da prestación económica e a xestión do sistema de protección específico por cesación de actividade do traballador autónomo. Neste sentido, optouse polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais como órgano xestor do referido sistema, por entender que esta opción é coherente co sistema mixto de cobertura e cotización establecido. É dicir, posto que a protección deriva da cobertura ineludible das contingencias profesionais, e dado que as mutuas son entidades colaboradoras do sistema público de Seguridade Social, consideráronse estas entidades como as máis adecuadas desde o punto de vista do encaixe xurídico para xestionar o sistema e, en particular, a prestación económica para o traballador autónomo en situación de cesación de actividade.

Por outra banda, atribúeselles aos servizos públicos de emprego autonómicos ou, de ser o caso, ao Instituto Social da Mariña a xestión das medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora dos traballadores autónomos, as cales tamén forman parte da acción protectora recollida na lei.

Cómpre destacar que a xestión da protección por cesación de actividade do traballador autónomo será levada a cabo de forma separada da xestión das contingencias por accidente de traballo e enfermidade profesional e que, debido ao principio de sustentabilidade do sistema que preconiza a disposición adicional cuarta do Estatuto do traballo autónomo, o equilibrio financeiro deste sistema contributivo resulta fundamental para o devir de tal xestión, polo que a propia norma establece que o tipo de cotización aplicable para manter esta sustentabilidade financeira se fixará anualmente na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado, de acordo cos estudos actuariais que procedan.

Como consecuencia de todo o dereito substantivo da protección por cesación de actividade do traballador autónomo creado *ex novo* nos anteriores capítulos, recóllese no capítulo IV a regulación das obrigas dos traballadores autónomos, o impacto sobre as infraccións e a determinación da xurisdición competente para coñecer das decisións do órgano xestor; neste sentido, por motivos de coherencia co espírito do Estatuto do traballo autónomo en materia de protección xudicial, atribúese á xurisdición social o coñecemento das controversias que xurdan en relación con esta nova prestación específica de Seguridade Social que cobre a cesación de actividade involuntaria do traballador autónomo. Ademais, régúlase a posibilidade de presentar, potestativamente, reclamación -previa á vía xudicial- ante o órgano xestor.

A disposición adicional primeira establece unha mellora na prestación para os traballadores autónomos que cumprisen 60 anos, ata a idade en que poidan causar dereito

á pensión de xubilación, en aplicación da específica previsión que, ao respecto, se introduciu na disposición adicional cuarta do Estatuto do traballo autónomo.

A disposición adicional segunda regula a redución na cotización por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns do traballador autónomo que se acollese ao sistema de protección por cesación de actividade.

A disposición adicional terceira refírese á atribución ao Consello do Traballo Autónomo da potestade de solicitar información do órgano xestor do sistema de protección por cesación de actividade e de propoñer medidas para o bo funcionamento do sistema.

A disposición adicional cuarta establece a solicitude e xestión da prestación por cesación de actividade de traballadores autónomos que non teñen cuberta a protección dispensada por continxencias profesionais cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, senón con outra entidade xestora da Seguridade Social.

A disposición adicional quinta fai referencia ao procedemento de reintegro de prestacións indebidamente percibidas.

A disposición adicional sexta regula as especificidades dos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar e que concertasen a cobertura das continxencias profesionais para a súa inclusión no ámbito do sistema de protección por cesación de actividade.

A disposición adicional sétima determina os requisitos específicos de acceso ao sistema de protección por cesación de actividade para os traballadores autónomos que exercen actividade profesional conxuntamente con outros en réxime societario ou baixo calquera forma xurídica admitida en dereito.

Tendo en conta as especificidades que, tanto no ámbito da cobertura social como da cotización, concorren nos traballadores por conta propia, incluídos no sistema especial de traballadores por conta propia agrarios, a disposición adicional oitava da lei demora a aplicación das previsións legais á promulgación das oportunas disposicións regulamentarias que adecuen eses aspectos específicos á nova regulación legal.

A disposición adicional novena exime de incluír na cobertura por cesación de actividade aqueles traballadores autónomos que desenvolvan algunha actividade de risco, sempre e cando xa coticen por desemprego noutro réxime da Seguridade Social.

A disposición adicional décima prevé o seguimento da evolución do sistema de protección por cesación de actividade, con vistas a alongar a súa duración.

A disposición adicional décimo primeira establece as condicións en que se reduce a cotización dos traballadores autónomos dedicados á venda ambulante.

A disposición adicional décimo segunda establece a ampliación da autorización de traballo e residencia para os traballadores autónomos estranxeiros que estean a percibir a prestación por cesación de actividade.

A disposición adicional décimo terceira crea unha prestación non contributiva nova para os traballadores autónomos.

A disposición adicional décimo cuarta establece a posibilidade de pagamento único da prestación por cesación de actividade.

A disposición adicional décimo quinta modifica a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

A disposición transitoria abre un prazo especial para optar á cobertura das continxencias profesionais dos traballadores por conta propia ou autónomos.

A disposición derradeira primeira recolle o título competencial que habilita o Estado para ditar esta lei. En concreto, dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17^a, lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

A disposición derradeira segunda modifica o texto refundido de infraccións e sancións na orde social aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, para adaptalo a esta lei.

A disposición derradeira terceira habilita o Goberno para ditar as disposicións regulamentarias de execución e desenvolvemento necesarias para a aplicación da lei.

As disposicións derradeiras cuarta e quinta modifican a Lei xeral da seguridade social en materia de notificacións por medios informáticos ou telemáticos.

A disposición derradeira sexta modifica a Lei de prevención de riscos laborais en materia de funcións das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

A disposición derradeira sétima establece unha «vacatio legis» de tres meses, prazo que se considera adecuado para a entrada en vigor.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da protección.*

1. Esta lei ten por obxecto regular o sistema específico de protección para os traballadores autónomos que, podendo e querendo exercer unha actividade económica ou profesional a título lucrativo e estando incluídos nos niveis de protección nela recollidos, tivesen cesado nesa actividade, conforme o establecido no seu artigo 5.

2. A cesación de actividade, incluída a que afecta o traballador autónomo economicamente dependente, deberá ser total na actividade económica ou profesional que de forma habitual, persoal e directa se viñese desempeñando e sempre que dese lugar ao encadramento obrigatorio no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar nas condicións descritas no seguinte artigo.

3. A cesación de actividade poderá ser definitiva ou temporal. A cesación temporal comporta a interrupción por parte do traballador autónomo, nos supostos previstos no artigo 5, de todas as actividades a que se refire o número anterior.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo de protección.*

1. A protección por cesación de actividade alcanza os traballadores autónomos comprendidos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos que teñan cuberta a protección dispensada ás continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, incluíndo os traballadores por conta propia, incluídos no sistema especial de traballadores por conta propia agrarios, así como os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar.

2. Respecto á protección por cesación de actividade dos traballadores por conta propia incluídos no sistema especial de traballadores por conta propia agrarios, observarase o establecido na disposición adicional oitava.

Artigo 3. *Acción protectora.*

1. O sistema de protección por cesación de actividade comprende as prestacións seguintes:

a) A prestación económica por cesación total, temporal ou definitiva, da actividade. A dita prestación ten natureza pública e está comprendida, nos termos previstos no artigo 41 da Constitución, dentro da acción protectora do sistema da Seguridade Social.

A prestación sinalada rexerese exclusivamente por esta lei e as disposicións que a desenvolvan e complementen.

b) O aboamento da cotización de Seguridade Social do traballador autónomo, por continxencias comúns, ao réxime correspondente. Para tales efectos, o órgano xestor farase cargo da cota que corresponda durante a percepción das prestacións económicas por cesación de actividade, a partir do mes inmediatamente seguinte ao do feito causante da cesación de actividade. A base de cotización durante ese período corresponde á base reguladora da prestación por cesación de actividade nos termos establecidos no punto primeiro do artigo 9 desta lei, sen que, en ningún caso, a base de cotización poida ser

inferior ao importe da base mínima ou base única de cotización prevista no correspondente réxime.

Nos supostos previstos na letra d) do artigo 5.1 desta lei non existirá a obriga de cotizar á Seguridade Social e observarse o previsto no número 5 do artigo 21 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

2. O sistema de protección por cesación de actividade comprenderá, ademais, medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora dos traballadores autónomos beneficiarios del.

Artigo 4. *Requisitos para o nacemento do dereito á protección.*

1. O dereito á protección por cesación de actividade recoñeceráselles aos traballadores autónomos en que concorran os requisitos seguintes:

a) Estar afiliado e en situación de alta e coas contingencias profesionais cubertas, no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, ou no réxime especial dos traballadores do mar, de ser o caso.

b) Ter cuberto o período mínimo de cotización por cesación de actividade a que se refire o artigo 8.

c) Encontrarse en situación legal de cesación de actividade, subscribir o compromiso de actividade a que se refire o artigo 231 do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de seguridade social e acreditar activa dispoñibilidade para a reincorporación ao mercado de traballo a través das actividades formativas, de orientación profesional e de promoción da actividade emprendedora a que o poida convocar o Servizo Público de Emprego da correspondente comunidade autónoma ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña.

d) No ter cumprido a idade ordinaria para causar dereito á pensión contributiva de xubilación, salvo que o traballador autónomo non tivese acreditado o período de cotización requirido para iso.

e) Encontrarse ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Non obstante, se na data da cesación de actividade non se cumprise con este requisito pero se tivese cuberto o período mínimo de cotización para ter dereito á protección, o órgano xestor invitará o traballador autónomo a que, no prazo improrrogable de trinta días naturais, ingrese as cotas debidas, nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. Cando o traballador autónomo teña un ou máis traballadores ao seu cargo e concorran algunha das causas do artigo 5.1, será requisito previo á cesación de actividade o cumprimento das garantías, obrigas e procedementos regulados na lexislación laboral.

Artigo 5. *Situación legal de cesación de actividade.*

1. Encontraranse en situación legal de cesación de actividade todos aqueles traballadores autónomos que cesen no exercicio da súa actividade por algunha das causas seguintes:

a) Pola concorrencia de motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos determinantes da inviabilidade de proseguir a actividade económica ou profesional. En caso de establecemento aberto ao público, exixirase o peche deste durante a percepción da prestación.

En todo caso, entenderase que existen estes motivos cando concorran algunha das situacións seguintes:

1.º) Unhas perdas derivadas do exercicio da súa actividade, nun ano completo, superiores ao 30% dos ingresos, ou superiores ao 20% en dous anos consecutivos e completos. En ningún caso o primeiro ano de inicio da actividade computará para estes efectos.

2.º) Unhas execucións xudiciais tendentes ao cobramento de débedas recoñecidas polos órganos xudiciais que comporten, polo menos, o 40% dos ingresos da actividade do traballador autónomo correspondentes ao exercicio económico inmediatamente anterior.

3.º) A declaración xudicial de concurso que impida continuar coa actividade, nos termos da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

b) Por forza maior, determinante da cesación temporal ou definitiva da actividade económica ou profesional.

c) Por perda da licenza administrativa, sempre que esta constitúa un requisito para o exercicio da actividade económica ou profesional e non veña motivada por incumprimentos contractuais ou pola comisión de infraccións, faltas administrativas ou delitos imputables ao autónomo solicitante.

d) A violencia de xénero determinante da cesación temporal ou definitiva da actividade da traballadora autónoma.

e) Por divorcio ou acordo de separación matrimonial, mediante a correspondente resolución xudicial, nos supostos en que o autónomo divorciado ou separado exerce funcións de axuda familiar no negocio do seu ex-cónxuxe ou da persoa da cal se separou, en función das cales estaba incluído no correspondente réxime de Seguridade Social, e que se deixan de exercer a causa da ruptura ou separación matrimoniais.

2. Encontraranse en situación legal de cesación de actividade os traballadores autónomos economicamente dependentes que, sen prexuízo do previsto no primeiro punto deste artigo, cesen na súa actividade por extinción do contrato suscrito co cliente do cal dependan economicamente, nos seguintes supostos:

a) Pola terminación da duración convida no contrato ou conclusión da obra ou servizo.

b) Por incumprimento contractual grave do cliente, debidamente acreditado.

c) Por rescisión da relación contractual adoptada por causa xustificada polo cliente, de acordo co establecido na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

d) Por rescisión da relación contractual adoptada por causa inxustificada polo cliente, de acordo co establecido na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

e) Por morte, incapacidade ou xubilación do cliente, sempre que impida a continuación da actividade.

3. En ningún caso se considerarán en situación legal de cesación de actividade:

a) Aqueles que cesen ou interrompan voluntariamente a súa actividade, salvo no suposto previsto no número dous, letra b) deste artigo.

b) Os traballadores autónomos economicamente dependentes que, tras cesaren na súa relación co cliente e percibiren a prestación por cesación de actividade, volvan contratar co mesmo cliente nun prazo dun ano, contado desde o momento en que se extinguiu a prestación. Se o traballador contrata co dito cliente no prazo sinalado, deberá reintegrar a prestación percibida.

Artigo 6. *Acreditación da situación legal de cesación da actividade.*

1. As situacións legais de cesación de actividade dos traballadores autónomos acreditaranse:

a) Por motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos, mediante unha declaración xurada do solicitante, á cal se deberán xuntar, en función do motivo alegado, os documentos de carácter contable, profesional, fiscal, administrativo ou xudicial en que se fará constar a data de produción dos referidos motivos.

b) Por forza maior, mediante declaración expedida polos órganos xestores en que se sitúe territorialmente o negocio ou a industria afectados polo acontecemento causante de

forza maior, á cal se xuntará declaración xurada do solicitante da cesación temporal ou definitiva da mencionada actividade. Na dita declaración farase constar a data da produción da forza maior.

c) Por perda da licenza administrativa que habilitou para o exercicio da actividade mediante resolución correspondente.

d) Por violencia de xénero, pola declaración escrita da solicitante de ter cesado ou interrompido a súa actividade económica ou profesional, á cal se achegará a orde de protección ou, no seu defecto, o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios sobre a condición de vítima de violencia de xénero. De se tratar dunha traballadora autónoma economicamente dependente, aquela declaración poderá ser substituída pola comunicación escrita do cliente de que dependa economicamente, en que se fará constar a cesación ou a interrupción da actividade. Tanto a declaración coma a comunicación deben conter a data a partir da cal se produciu a cesación ou a interrupción.

e) Por divorcio ou acordo de separación matrimonial, mediante a correspondente resolución xudicial, así como a documentación correspondente en que se constate a perda de exercicio das funcións de axuda familiar directa no negocio, que se viñan realizando con anterioridade á ruptura ou separación matrimoniais.

2. Sen prexuízo do previsto no número 1 deste artigo, as situacións legais de cesación de actividade dos traballadores autónomos economicamente dependentes acreditaranse:

a) Pola terminación da duración convida en contrato ou conclusión da obra ou servizo, mediante a súa comunicación ante o rexistro correspondente do Servizo Público de Emprego coa documentación que así o xustifique.

b) Polo incumprimento contractual grave do cliente, mediante comunicación por escrito deste en que conste a data a partir da cal tivo lugar a cesación da actividade, mediante a acta resultante da conciliación previa ou mediante resolución xudicial.

c) Por causa xustificada do cliente, a través de comunicación escrita expedida por este nun prazo de dez días desde a súa concorrencia, en que se deberá facer constar o motivo alegado e a data a partir da cal se produce a cesación da actividade do traballador autónomo. No caso de non se producir a comunicación por escrito, o traballador autónomo poderá solicitar ao cliente que cumpra co dito requisito, e se transcorridos dez días desde a solicitude o cliente non responde, o traballador autónomo economicamente dependente poderá acudir ao órgano xestor e informar da dita situación, achegando copia da solicitude realizada ao cliente e solicitando que lle sexa recoñecido o dereito á protección por cesación de actividade.

d) Por causa inxustificada, mediante comunicación expedida polo cliente nun prazo de dez días desde a súa concorrencia, en que se deberá facer constar a indemnización aboada e a data a partir da cal tivo lugar a cesación da actividade, mediante a acta resultante da conciliación previa ou mediante resolución xudicial, con independencia de que o cliente recorrese contra ela. No caso de non se producir a comunicación por escrito, o traballador autónomo poderá solicitar ao cliente que cumpra co dito requisito, e se transcorridos dez días desde a solicitude o cliente non responde, o traballador autónomo economicamente dependente poderá acudir ao órgano xestor e informar da dita situación, achegando copia da solicitude realizada ao cliente e solicitando que lle sexa recoñecido o dereito á protección por cesación de actividade.

e) Pola morte, a incapacidade ou a xubilación do cliente, mediante certificación de defunción do Rexistro Civil, ou ben resolución da entidade xestora correspondente acreditativa do recoñecemento da pensión de xubilación ou incapacidade permanente.

3. No prazo dun ano desenvolverase regulamentariamente a documentación que deberán presentar os traballadores autónomos co obxecto de acreditar a situación legal de cesación de actividade a que se refiren os números 1 e 2 deste artigo.

CAPÍTULO II

Réxime da protección

Artigo 7. *Solicitude e nacemento do dereito á protección por cesación de actividade.*

1. Os traballadores autónomos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 deberán solicitar á mesma mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social con que teñan cuberta a protección dispensada ás continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais o recoñecemento do dereito á protección por cesación de actividade.

Respecto dos traballadores por conta propia que non teñan cuberta a protección dispensada ás continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais cunha mutua, observárase o establecido na disposición adicional cuarta.

O dito recoñecemento dará dereito ao gozo da correspondente prestación económica a partir do primeiro día do segundo mes seguinte a aquel en que se produciu o feito causante da cesación de actividade. Cando o traballador autónomo economicamente dependente finalice a súa relación co cliente principal, para ter dereito ao gozo da prestación non poderá ter actividade con outros clientes a partir do día en que inicie o cobramento da prestación.

2. O recoñecemento da situación legal de cesación de actividade poderase solicitar ata o último día do mes seguinte a aquel en que se produciu a cesación de actividade. Non obstante, nas situacións legais de cesación de actividade causadas por motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos, de forza maior, por violencia de xénero, por vontade do cliente fundada en causa xustificada e por morte, incapacidade e xubilación do cliente, o prazo comezará a computar a partir da data que se fixese constar nos correspondentes documentos que acrediten a concorrencia de tales situacións.

3. En caso de presentación da solicitude unha vez transcorrido o prazo fixado no número anterior, e sempre que o traballador autónomo cumpra co resto de requisitos legalmente previstos, descontaranse do período de percepción os días que medien entre a data en que debería ter presentado a solicitude e a data en que a presentou.

4. O órgano xestor farase cargo da cota de Seguridade Social a partir do mes inmediatamente seguinte ao do feito causante da cesación de actividade, sempre que se solicite no prazo previsto no número 2. Noutro caso, o órgano xestor farase cargo a partir do mes seguinte ao da solicitude. Cando o traballador autónomo economicamente dependente finalice a súa relación co cliente principal, no suposto de que, no mes posterior ao feito causante, tivese actividade con outros clientes, o órgano xestor estará obrigado a cotizar a partir da data de inicio da prestación.

Artigo 8. *Duración da prestación económica.*

1. A duración da prestación por cesación de actividade estará en función dos períodos de cotización efectuados dentro dos corenta e oito meses anteriores á situación legal de cesación de actividade, dos cales, polo menos, doce deben ser continuados e inmediatamente anteriores á dita situación de cesación conforme a seguinte escala:

Período de cotización – Meses	Período da protección – Meses
De doce a dezasete	2
De dezaioito a vinte e tres	3
De vinte e catro a vinte e nove	4
De trinta a trinta e cinco	5
De trinta e seis a corenta e dous	6
De corenta e tres a corenta e sete	8
De corenta e oito en diante	12

2. O traballador autónomo ao cal se lle tivese recoñecido e tivese gozado o dereito á prestación económica por cesación de actividade poderá volver solicitar un novo recoñecemento sempre que concorran os requisitos legais e transcorresen doce meses desde a extinción do dereito anterior.

3. Para os efectos de determinación do período de cotización a que se refire o número un deste artigo:

a) Teranse en conta exclusivamente as cotizacións por cesación de actividade efectuadas ao réxime especial correspondente.

b) Teranse en conta as cotizacións por cesación de actividade que non fosen computadas para o recoñecemento dun dereito anterior da mesma natureza.

c) Os meses cotizados computaranse como meses completos.

d) As cotizacións que xeraron a última prestación por cesación de actividade non se poderán computar para o recoñecemento dun dereito posterior.

Artigo 9. *Contía da prestación económica por cesación de actividade.*

1. A base reguladora da prestación económica por cesación de actividade será a media das bases polas que se cotizase durante os doce meses continuados e inmediatamente anteriores á situación legal de cesación.

2. A contía da prestación, durante todo o seu período de disfrute, determinarase aplicando á base reguladora o 70 por cento.

A contía máxima da prestación por cesación de actividade será do 175 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples, salvo cando o traballador autónomo teña un ou máis fillos ao seu cargo; en tal caso, a contía será, respectivamente, do 200 por cento ou do 225 por cento do dito indicador.

A contía mínima da prestación por cesación de actividade será do 107 por cento ou do 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples, segundo o traballador autónomo teña fillos ao seu cargo ou non.

Para os efectos de calcular as contías máxima e mínima da prestación por cesación de actividade, entenderase que se teñen fillos a cargo cando estes sexan menores de vinte e seis anos, ou maiores cunha discapacidade en grao igual ou superior ao trinta e tres por cento, carezan de rendas de calquera natureza iguais ou superiores ao salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, e convivan co beneficiario.

Para os efectos da contía máxima e mínima da prestación por cesación de actividade, terase en conta o indicador público de rendas de efectos múltiples mensual, incrementado nunha sexta parte, vixente no momento do nacemento do dereito.

Artigo 10. *Suspensión do dereito á protección.*

1. O dereito á protección por cesación de actividade será suspendido polo órgano xestor nos seguintes supostos:

a) Durante o período que corresponda por imposición de sanción por infracción leve ou grave, nos termos establecidos no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

b) Durante o cumprimento de condena que implique privación de liberdade.

c) Durante o período de realización dun traballo por conta propia ou por conta allea, salvo nos casos establecidos no artigo 11.1 c) da presente lei.

2. A suspensión do dereito comportará a interrupción do aboamento da prestación económica e da cotización por mensualidades completas, sen afectar o período da súa percepción, salvo no suposto previsto na letra a) do punto anterior, en que o período de percepción se reducirá por tempo igual ao da suspensión producida.

3. A protección por cesación de actividade continuarase logo de solicitude do interesado, sempre que este acredite que finalizou a causa de suspensión e que se mantén a situación legal de cesación de actividade.

O dereito ao restablecemento nacerá a partir do termo da causa de suspensión, sempre que se solicite no prazo dos quince días seguintes.

O recoñecemento do restablecemento dará dereito ao desfrute da correspondente prestación económica pendente de percibir, así como á cotización, a partir do primeiro día do mes seguinte ao da solicitude do restablecemento. En caso de se presentar a solicitude transcorrido o prazo citado, observarase o previsto no artigo 7.3 desta lei.

Artigo 11. *Extinción do dereito á protección.*

1. O dereito á protección por cesación de actividade extinguirase nos seguintes casos:

- a) Por esgotamento do prazo de duración da prestación.
- b) Por imposición das sancións nos termos establecidos na Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
- c) Por realización dun traballo por conta allea ou propia durante un tempo igual ou superior a 12 meses, neste último caso sempre que xere dereito á protección por cesación de actividade como traballador autónomo.
- d) Por cumprimento da idade de xubilación ordinaria ou, no caso dos traballadores por conta propia encadrados no réxime especial dos traballadores do mar, idade de xubilación teórica, salvo cando non se reúnan os requisitos para acceder á pensión de xubilación contributiva. Neste suposto a prestación por cesación de actividade extinguirase cando o traballador autónomo cumpra co resto de requisitos para acceder á dita pensión ou ben se esgote o prazo de duración da protección.
- e) Por recoñecemento de pensión de xubilación ou de incapacidade permanente, sen prexuízo do establecido no número dous do artigo 12.
- f) Por traslado de residencia ao estranxeiro, salvo nos casos que regulamentariamente se determinen.
- g) Por renuncia voluntaria ao dereito.
- h) Por falecemento do traballador autónomo.

2. Cando o dereito á prestación se extinga nos casos da letra c) do número anterior, o traballador autónomo poderá optar, no caso de que se lle recoñeza unha nova prestación, entre reabrir o dereito inicial polo período que lle restaba e as bases e tipos que lle correspondían, ou percibir a prestación xerada polas novas cotizacións efectuadas. Cando o traballador autónomo opte pola prestación anterior, as cotizacións que xeraron aquela prestación pola que non optara non se poderán computar para o recoñecemento dun dereito posterior.

Artigo 12. *Incompatibilidades.*

1. A percepción da prestación económica por cesación de actividade é incompatible co traballo por conta propia, aínda que a súa realización non implique a inclusión obrigatoria no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial dos traballadores do mar, así como co traballo por conta allea.

A incompatibilidade co traballo por conta propia establecida no parágrafo anterior terá como excepción os traballos agrarios sen finalidade comercial nas superficies dedicadas a hortas familiares para o autoconsumo, así como os dirixidos ao mantemento en boas condicións agrarias e ambientais previsto na normativa da Unión Europea para as terras agrarias. Esta excepción abranguerá tamén os familiares colaboradores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que tamén sexan perceptores da prestación económica por cesación de actividade. Esta excepción será desenvolvida mediante norma regulamentaria.

Será, así mesmo, incompatible coa obtención de pensións ou prestacións de carácter económico do sistema da Seguridade Social, salvo que estas fosen compatibles co traballo que deu lugar á prestación por cesación de actividade, así como coas medidas de fomento da cesación de actividade reguladas por normativa sectorial para diferentes colectivos, ou as que se puidesen regular no futuro con carácter estatal.

2. Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesación de actividade será incompatible coa percepción das axudas por paralización da frota.

Artigo 13. Cesación de actividade, incapacidade temporal, maternidade e paternidade.

1. No suposto en que o feito causante da protección por cesación de actividade se produza mentres o traballador autónomo se encontre en situación de incapacidade temporal, este seguirá percibindo a prestación por incapacidade temporal, na mesma contía que a prestación por cesación de actividade, ata que esta se extinga, momento en que pasará a percibir, sempre que reúna os requisitos legalmente establecidos, a prestación económica por cesación de actividade que lle corresponda. En tal caso, descontarase do período de percepción da prestación por cesación de actividade, como xa consumido, o tempo que permanecese na situación de incapacidade temporal a partir da data da situación legal de cesación de actividade.

2. No suposto en que o feito causante da protección por cesación de actividade se produza cando o traballador autónomo se encontre en situación de maternidade ou paternidade, seguirase percibindo a prestación por maternidade ou por paternidade ata que estas se extingan, momento en que se pasará a percibir, sempre que reúnan os requisitos legalmente establecidos, a prestación económica por cesación de actividade que lles corresponda.

3. Se durante a percepción da prestación económica por cesación de actividade o traballador autónomo pasa á situación de incapacidade temporal que constituía recaída dun proceso anterior iniciado con anterioridade á situación legal de cesación na actividade, percibirá a prestación por esta continxencia en contía igual á prestación por cesación na actividade. Neste caso, e no suposto de que o traballador autónomo continuase en situación de incapacidade temporal unha vez finalizado o período de duración establecido inicialmente para a prestación por cesación na actividade, seguirá percibindo a prestación por incapacidade temporal na mesma contía en que a viña percibindo.

Cando o traballador autónomo estea a percibir a prestación por cesación na actividade e pase á situación de incapacidade temporal que non constituía recaída dun proceso anterior iniciado anteriormente, percibirá a prestación por esta continxencia en contía igual á prestación por cesación na actividade. Neste caso, e no suposto de que o traballador autónomo continuase en situación de incapacidade temporal unha vez finalizado o período de duración establecido inicialmente para a prestación por cesación na actividade, seguirá percibindo a prestación por incapacidade temporal en contía igual ao 80 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual.

O período de percepción da prestación por cesación de actividade non se ampliará como consecuencia de que o traballador autónomo pase á situación de incapacidade temporal. Durante esta situación, o órgano xestor da prestación farase cargo das cotizacións á Seguridade Social, nos termos previstos no artigo 4, punto primeiro, letra b), ata o esgotamento do período de duración da prestación a que o traballador autónomo tiver dereito.

4. Se durante a percepción da prestación económica por cesación de actividade a persoa beneficiaria se encontra en situación de maternidade ou paternidade, pasará a percibir a prestación que por estas continxencias lle corresponda. Unha vez extinguida esta, o órgano xestor, de oficio, restablecerá o aboamento da prestación económica por cesación de actividade ata o esgotamento do período de duración a que se teña dereito.

CAPÍTULO III

Réxime financeiro e xestión das prestacións

Artigo 14. *Financiamento, base e tipo de cotización.*

1. A protección por cesación de actividade financiarase exclusivamente con cargo á cotización pola dita continxencia dos traballadores autónomos que tivesen protexida a cobertura por accidentes de traballo e enfermidades profesionais. A data de efectos da dita cobertura comezará, tanto para a prestación por cesación de actividade como para as continxencias profesionais, a partir do primeiro día do mesmo mes en que sexa formalizada.

2. A base de cotización por cesación de actividade corresponderase coa base de cotización do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos que elixise, como propia, o traballador autónomo conforme o establecido nas normas de aplicación, ou ben a que lle corresponda como traballador por conta propia no réxime especial dos traballadores do mar.

3. O tipo de cotización correspondente á protección por cesación de actividade será do 2,2 por cento, aplicable á base determinada no número anterior.

O tipo de cotización aplicable para manter a sustentabilidade financeira da protección por cesación de actividade fixarase, anualmente, na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado, de acordo cos estudos actuariais que procedan.

4. As medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora dos traballadores autónomos beneficiarios da protección por cesación de actividade, a que se refire o artigo 3.2 desta lei, financiaranse cun 1 por cento dos ingresos obtidos de conformidade co seu artigo 14.3. Estas medidas serán xestionadas polo Servizo Público de Emprego da comunidade autónoma competente e polo Instituto Social da Mariña, en proporción ao número de beneficiarios que xestionen.

Artigo 15. *Recadación.*

1. A cota de protección por cesación de actividade recadaraa a Tesouraría Xeral da Seguridade Social conxuntamente coa cota ou cotas do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, ou do réxime especial dos traballadores do mar, e liquidarase e ingresarase de conformidade coas normas reguladoras da xestión recadatoria da Seguridade Social para os citados réximes especiais.

2. As normas reguladoras da recadación de cotas, tanto en vía voluntaria como executiva, serán de aplicación á cotización por cesación na actividade á Seguridade Social para os réximes sinalados.

Artigo 16. *Órgano xestor.*

1. Salvo o establecido no artigo anterior e na disposición adicional cuarta, corresponde ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social xestionar as funcións e os servizos derivados da prestación económica por cesación de actividade dos traballadores autónomos e proceder ao recoñecemento, suspensión, extinción e restablecemento das prestacións, así como ao seu pagamento, sen prexuízo das atribucións recoñecidas aos órganos competentes da Administración en materia de sancións por infraccións na orde social.

Para tal fin, a xestión da prestación por cesación de actividade corresponderalle á mutua con que o traballador autónomo teña concertada a cobertura das continxencias profesionais.

2. Os excedentes anuais obtidos polas mutuas na súa xestión da prestación por cesación de actividade deberanse afectar á constitución das reservas que regulamentariamente se determinen. Así mesmo, establecerase regulamentariamente o destino que se deba dar ao exceso dos excedentes que resulte, unha vez cubertas as indicadas reservas.

CAPÍTULO IV

Réxime de obrigas, infraccións e sancións

Artigo 17. *Obrigas dos traballadores autónomos.*

1. Son obrigas dos traballadores autónomos solicitantes e beneficiarios da protección por cesación de actividade:

a) Solicitar á mesma mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social con que teñan concertadas as continxencias profesionais a cobertura da protección por cesación de actividade.

b) Cotizar pola achega correspondente á protección por cesación de actividade.

c) Proporcionar a documentación e información que resulten necesarias para os efectos do recoñecemento, suspensión, extinción ou restablecemento da prestación.

d) Solicitar a baixa na prestación por cesación de actividade cando se produzan situacións de suspensión ou extinción do dereito ou se deixen de reunir os requisitos exixidos para a súa percepción, no momento en que se produzan estas situacións.

e) Non traballar por conta propia ou allea durante a percepción da prestación.

f) Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas.

g) Comparecer por requirimento do órgano xestor e estar á disposición do Servizo Público de Emprego da correspondente comunidade autónoma ou do Instituto Social da Mariña, co fin de realizar as actividades formativas, de orientación profesional e de promoción da actividade emprendedora ás cales sexan convocados.

h) Participar en accións específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementar a súa ocupabilidade que determine o órgano xestor, o Servizo Público de Emprego da correspondente comunidade autónoma ou o Instituto Social da Mariña, de ser o caso.

2. Para a aplicación do establecido nas letras g) e h) do número anterior, o órgano xestor ou o Servizo Público de Emprego da correspondente comunidade autónoma terá en conta a condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos de moderar, en caso necesario, o cumprimento das obrigas que deriven do compromiso suscrito.

3. Os traballadores autónomos comprendidos no artigo 26.4 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, quedarán exentos da obriga, contida no punto 1. g) deste artigo, en materia de promoción da actividade emprendedora.

Artigo 18. *Infraccións.*

En materia de infraccións e sancións observarase o disposto nesta lei e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 19. *Xurisdición competente e reclamación previa.*

Os órganos xurisdicionais da orde social serán os competentes para coñecer das decisións do órgano xestor, relativas ao recoñecemento, suspensión ou extinción das prestacións por cesación de actividade, así como ao pagamento destas. Con independencia do disposto na disposición adicional cuarta desta lei, o interesado poderá efectuar reclamación previa ante o órgano xestor antes de acudir ao órgano xurisdicional da orde social competente. A resolución do órgano xestor deberá indicar expresamente a posibilidade de presentar reclamación, así como o prazo para a súa interposición.

Disposición adicional primeira. *Duración da prestación por cesación de actividade dos traballadores autónomos a partir dos 60 anos.*

A teor do disposto na disposición adicional cuarta, parágrafo segundo, da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, nos casos de traballadores autónomos

entre os 60 anos e a idade en que se poida causar dereito á pensión de xubilación, incrementábase a duración da prestación, que será a que se indica na seguinte táboa:

Período de cotización — Meses	Período da protección — Meses
De doce a dezasete	2
De dezaioito a vinte e tres	4
De vinte e catro a vinte e nove	6
De trinta a trinta e cinco	8
De trinta e seis a corenta e dous	10
De corenta e tres en diante	12

Disposición adicional segunda. *Redución na cotización por continxencias comúns.*

Os traballadores autónomos acollidos ao sistema de protección por cesación na actividade terán unha redución de 0,5 puntos porcentuais na cotización pola cobertura de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

Disposición adicional terceira. *Información dos órganos xestores.*

O Consello do Traballo Autónomo poderá solicitar do órgano xestor a información que considere pertinente en relación co sistema de protección por cesación de actividade e propoñer ao Ministerio de Traballo e Inmigración aquelas medidas que se consideren oportunas para o seu mellor funcionamento.

O órgano xestor presentará ao Consello do Traballo Autónomo un informe anual sobre a evolución do sistema de protección por cesación de actividade. O Consello poderá solicitar canta información complementaria considere pertinente en relación co dito sistema.

Disposición adicional cuarta. *Solicitud e xestión da prestación por cesación de actividade de traballadores non incorporados a mutuas.*

No suposto de traballadores autónomos que teñan cuberta a protección dispensada ás continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais cunha entidade xestora da Seguridade Social, a tramitación da solicitude e a xestión da prestación por cesación de actividade corresponderá:

- a) No ámbito do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, ao Instituto Social da Mariña.
- b) No ámbito do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional quinta. *Reintegro de prestacións indebidamente percibidas.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 47.3 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, no suposto de que se incumpra o disposto no artigo 17.1 letra e), artigo 5.3 b), disposición adicional sexta número tres, e a disposición adicional sétima, parágrafo segundo do número 1, letra a) desta lei, será aplicable para o reintegro de prestacións indebidamente percibidas o establecido no artigo 45 da Lei xeral da seguridade social e no artigo 80 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, e corresponderalle ao órgano xestor a declaración como indebida da prestación.

Disposición adicional sexta. *Socios traballadores de cooperativas de traballo asociado.*

Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no

réxime especial dos traballadores do mar e teñan concertada a cobertura por accidentes de traballo e enfermidades profesionais terán dereito ás prestacións por cesación de actividade sempre que se cumpran as condicións establecidas a continuación:

1. Consideraranse en situación legal de cesación de actividade os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

a) Os que cesasen, con carácter definitivo ou temporal, na prestación de traballo e, polo tanto, na actividade desenvolvida na cooperativa, perdendo os dereitos económicos derivados directamente da dita prestación por algunha das seguintes causas:

- 1.º Por expulsión improcedente da cooperativa.
- 2.º Por causas económicas, técnicas, organizativas, produtivas ou de forza maior.
- 3.º Por finalización do período ao cal se limitou o vínculo societario de duración determinada.
- 4.º Por causa de violencia de xénero, nas socias traballadoras.
- 5.º Por perda de licenza administrativa da cooperativa.

b) Os aspirantes a socios en período de proba que cesasen na prestación de traballo durante este por decisión unilateral do Consello Reitor ou órgano de administración correspondente da cooperativa.

2. A declaración da situación legal de cesación de actividade dos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado efectuarase conforme as seguintes normas:

a) No suposto de expulsión do socio será necesaria a notificación do acordo de expulsión por parte do Consello Reitor da cooperativa ou órgano de administración correspondente, indicando a súa data de efectos e, en todo caso, a acta de conciliación xudicial ou a resolución definitiva da xurisdición competente que declare expresamente a improcedencia da expulsión.

b) No caso de cesación definitiva ou temporal da actividade por motivos económicos, técnicos, organizativos ou de produción, nos termos expresados no artigo 5.1.a) desta lei. Non se exixirá o peche de establecemento aberto ao público nos casos en que non cese a totalidade dos socios traballadores da cooperativa de traballo asociado.

Tales causas acreditaranse mediante a achega, por parte da sociedade cooperativa, dos documentos a que se refire o artigo 6.1.a) desta lei. Así mesmo, deberase acreditar certificación literal do acordo da asemblea xeral da cesación definitiva ou temporal da prestación de traballo e de actividade dos socios traballadores.

c) No caso de cesación definitiva ou temporal da actividade por forza maior será necesario que a existencia de tales causas sexa debidamente constatada polo órgano xestor da prestación, conforme o disposto no artigo 6.1.b).

d) No suposto de finalización do período a que se limitou o vínculo societario de duración determinada, será necesaria certificación do Consello Reitor ou órgano de administración correspondente da baixa na cooperativa pola citada causa e a súa data de efectos.

e) No caso de violencia de xénero, pola declaración escrita da solicitante de ter cesado ou interrompido a súa prestación de traballo na sociedade cooperativa, á cal se xuntará a orde de protección ou, no seu defecto, o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios sobre a condición de vítima de violencia de xénero. A declaración debe conter a data a partir da cal se produciu a cesación ou a interrupción.

f) No caso de cesación durante o período de proba será necesaria comunicación do acordo de non admisión por parte do Consello Reitor ou órgano de administración correspondente da cooperativa ao aspirante.

3. Non estarán en situación legal de cesación de actividade os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que, tras cesaren definitivamente na prestación de traballo e, polo tanto, na actividade desenvolvida na cooperativa, e teren percibido a prestación por cesación de actividade, volvan ingresar na mesma sociedade cooperativa

nun prazo dun ano contado desde o momento en que se extinguiu a prestación. Se o socio traballador reingresa na mesma sociedade cooperativa no prazo sinalado, deberá reintegrar a prestación percibida.

4. Os socios traballadores que se encontren en situación legal de cesación de actividade deberán solicitar o recoñecemento do dereito ás prestacións ao órgano xestor do artigo 16 desta lei, salvo o establecido na disposición adicional cuarta da mesma norma e ata o último día do mes seguinte á declaración da situación legal de cesación de actividade, nos termos expresados no número 2 desta disposición adicional.

En caso de presentar a solicitude fóra do prazo indicado, observarase o disposto nas normas de carácter xeral desta lei.

5. Cando a cooperativa de traballo asociado teña un ou máis traballadores por conta allea, no suposto de cesación total da actividade da cooperativa será requisito previo á cesación de actividade dos socios traballadores o cumprimento das garantías e dos procedementos regulados na lexislación laboral.

Disposición adicional sétima. *Traballadores autónomos que exercen a súa actividade profesional conxuntamente.*

A protección por cesación de actividade alcanzará tamén os traballadores autónomos que exerzan a súa actividade profesional conxuntamente con outros en réxime societario ou baixo calquera outra forma xurídica admitida en dereito, sempre que cumpran cos requisitos regulados nesta lei coas seguintes peculiaridades:

1. Consideraranse en situación legal de cesación de actividade os traballadores autónomos profesionais que cesasen, con carácter definitivo ou temporal, na profesión desenvolvida conxuntamente con outros, por algunha das seguintes causas:

a) Pola concurrencia de motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos a que se refire o artigo 5.1 a) desta lei e determinantes da inviabilidade de proseguir coa profesión, con independencia de que ocasione ou non a cesación total da actividade da sociedade ou forma xurídica en que estivese a exercer a súa profesión.

Non se exixirá o peche de establecemento aberto ao público nos casos en que non cese a totalidade dos profesionais da entidade, salvo naqueles casos en que o establecemento estea a cargo exclusivamente do profesional. Non obstante, neste caso non se poderá declarar a situación legal de cesación de actividade cando o traballador autónomo, tras cesar na súa actividade e percibir a prestación por cesación de actividade, volva exercer a actividade profesional na mesma entidade nun prazo dun ano contado desde o momento en que se extinguiu a prestación. En caso de incumprimento desta cláusula, deberá reintegrar a prestación percibida.

b) Por forza maior, determinante da cesación temporal ou definitiva da profesión.

c) Por perda da licenza administrativa, sempre que esta constituía un requisito para o exercicio da profesión e non veña motivada por incumprimentos contractuais ou pola comisión de infraccións, faltas administrativas ou delitos imputables ao autónomo solicitante.

d) Por violencia de xénero determinante da cesación temporal ou definitiva da profesión da traballadora autónoma.

e) Por divorcio ou acordo de separación matrimonial, mediante a correspondente resolución xudicial, nos supostos en que o autónomo divorciado ou separado exercese funcións de axuda familiar no negocio do seu ex-cónxuxe ou da persoa de que se separou, en función das cales estaba incluído no correspondente réxime da Seguridade Social, e que se deixan de exercer a causa da ruptura ou separación matrimoniais.

2. Cando o traballador autónomo profesional teña un ou máis traballadores ao seu cargo e concorra algunha das causas do número anterior, será requisito previo á cesación da súa actividade profesional o cumprimento das garantías e dos procedementos regulados na lexislación laboral, con independencia de que cesasen ou non o resto de profesionais.

Disposición adicional oitava. *Traballadores por conta propia agrarios.*

As condicións e supostos específicos polos cales se rexa o sistema de protección por cesación de actividade dos traballadores por conta propia incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, desenvolveranse mediante a correspondente norma regulamentaria no prazo dun ano.

Disposición adicional novena. *Cobertura da prestación por cesación de actividade de traballadores autónomos que desenvolvan actividades que sexan determinadas polo Goberno como de maior risco de sinistralidade en réxime de pluriactividade.*

De acordo co establecido no número 2 da disposición adicional terceira da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, os traballadores autónomos que desenvolvan as actividades profesionais que sexan determinadas polo Goberno como de maior risco de sinistralidade e teñan cuberta a prestación por desemprego noutro réxime do sistema da Seguridade Social en que tamén se encontren en alta, e coticen polo menos pola base mínima do grupo de cotización correspondente, computada por mes, mentres se mantéña a súa situación de pluriactividade, non terán a obriga de incorporar a cobertura da protección por cesación de actividade no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, ou no réxime especial dos traballadores do mar, de ser o caso, salvo que opten de modo voluntario por cubrir esta protección.

Disposición adicional décima. *Evolución da duración da prestación económica por cesación de actividade.*

O Goberno, transcorridos vinte e catro meses desde a entrada en vigor desta lei, elaborará un estudo sobre a evolución do sistema, tendo en conta os principios de solidariedade financeira, sustentabilidade e carácter contributivo, así como sobre o modelo de xestión da prestación. En caso de que quede acreditada a viabilidade financeira, realizarase unha proposta de incremento da duración da prestación por cesación de actividade.

Disposición adicional décimo primeira. *Cotización dos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante.*

Un. Dáse nova redacción ao parágrafo primeiro do número catro.9 do artigo 129 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, nos seguintes termos:

«9. Os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que, desde o 1 de xaneiro de 2009, figuren incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos terán dereito, durante 2010, a unha redución do 50 por 100 da cota que deben ingresar.»

Dous. A redución de cotas prevista no número dous da disposición adicional décimo oitava da Lei 27/2009, do 30 de decembro, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas, resultará tamén de aplicación ao resto dos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado que figuren incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos desde o 1 de xaneiro de 2009.

Disposición adicional décimo segunda. *Renovación da autorización de residencia e traballo dos traballadores autónomos estranxeiros.*

Engádesse unha nova letra c) ao artigo 62.1 do Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

A nova letra c) terá a seguinte redacción:

«c) Cando o órgano xestor competente, conforme a normativa sobre a materia, lle tivese recoñecido ao estranxeiro traballador autónomo a protección por cesación de actividade, e durante o período de percepción da prestación.»

Disposición adicional décimo terceira. *Prestación non contributiva para traballadores autónomos.*

Os traballadores autónomos que cesasen na súa actividade profesional ou empresarial a partir do 1 de xaneiro de 2009 e que non reciban ningunha outra axuda ou prestación pública co obxectivo de dar un soporte económico mentres seguen un itinerario de orientación e formación para mellorar a súa ocupabilidade, terán dereito a unha prestación económica de carácter non contributivo.

Esta prestación consiste nun cobramento mensual de 425 euros durante un máximo de seis meses. A percepción deste importe está vinculada ao compromiso da busca activa de ocupación por parte do beneficiario e á realización dun mínimo de 180 horas de formación.

Os beneficiarios da prestación deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ter cotizado no réxime especial de traballadores autónomos tres dos últimos cinco anos.
- Que a media de ingresos familiares por persoa non supere o 75% do salario mínimo interprofesional.
- Outros que se establezan regulamentariamente.

Esta prestación será compatible con outras prestacións das comunidades autónomas.

O Goberno regulará, no prazo de tres meses, as condicións para o acceso a esta nova prestación.

Disposición adicional décimo cuarta. *Pagamento único da prestación por cesación de actividade.*

Nos termos que regulamentariamente se establezan, fixaranse os supostos e requisitos para que os beneficiarios do dereito á prestación por cesación na actividade poidan percibir, nunha parte ou na súa totalidade, o valor actual do importe da prestación que lles puider corresponder en función das cotizacións efectuadas.

Disposición adicional décimo quinta. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Modifícase o punto 3.º do número dous.2 do artigo 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte forma:

«3.º Os servizos de teleasistencia, axuda a domicilio, centro de día e de noite e atención residencial a que se refiren as letras b), c), d) e e) do número 1 do artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, sempre que se presten en prazas concertadas en centros ou residencias ou mediante prezos derivados dun concurso administrativo adxudicado ás empresas prestadoras, ou como consecuencia dunha prestación económica vinculada a tales servizos que cubra máis do 75 por cento do seu prezo, en aplicación, en ambos os dous casos, do disposto na dita lei.

O disposto neste punto 3.º non se aplicará aos servizos que resulten exentos por aplicación do punto 8.º do número un do artigo 20 desta lei.»

Disposición transitoria única. *Prazo especial de opción para a cobertura das continxencias profesionais dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

Para os efectos da cobertura da prestación por cesación de actividade, os traballadores que na data de entrada en vigor desta lei figuren en alta no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e non teñan cuberta a protección por continxencias

profesionais, poderán optar por esta última protección dentro dos tres meses seguintes á data indicada, con efectos desde o día primeiro do mes seguinte ao da dita opción.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.17ª da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Os artigos da Lei sobre infraccións e sancións na orde social que se relacionan a continuación quedan modificados nos termos seguintes:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 22, que queda redactado do seguinte modo:

«5. Formalizar a protección por accidentes de traballo e enfermidades profesionais e, se é o caso, da incapacidade temporal do persoal ao seu servizo, así como aos traballadores autónomos a protección por cesación de actividade en entidade distinta da que legalmente corresponda.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 24, que queda redactado do seguinte modo:

«3. No caso dos solicitantes ou beneficiarios de prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, ou de traballadores por conta propia solicitantes ou beneficiarios da prestación por cesación de actividade:

a) Non comparecer, logo de requirimento, ante o Servizo Público de Emprego, ante as axencias de colocación sen fins lucrativos ou entidades asociadas dos servizos integrados para o emprego, ou ante o órgano xestor da prestación por cesación de actividade do traballador autónomo, ou non renovar a demanda de emprego na forma e datas que se determinen no documento de renovación da demanda, salvo causa xustificada.

b) Non devolver en prazo, salvo causa xustificada, ao servizo público de emprego ou, de ser o caso, ás axencias de colocación sen fins lucrativos o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e data indicados para cubrir as ofertas de emprego facilitadas por aqueles.

c) Non cumprir as exigencias do compromiso de actividade, salvo causa xustificada, sempre que a conduta non estea tipificada como outra infracción leve ou grave nos artigos 24 ou 25 desta lei.

Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por compromiso de actividade o que reúna os requisitos establecidos no número 2 do artigo 231 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.»

Tres. Modifícase o número 4 do artigo 25, que queda redactado como segue:

«4. No caso de solicitantes ou beneficiarios de prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, ou de traballadores por conta propia solicitantes ou beneficiarios da prestación por cesación de actividade:

a) Rexeitar unha oferta de emprego axeitada, xa sexa ofrecida polo servizo público de emprego ou polas axencias de colocación sen fins lucrativos, salvo causa xustificada.

b) Negarse a participar nos traballos de colaboración social, programas de emprego, incluídos os de inserción profesional, ou en accións de promoción, formación, motivación, información, orientación, inserción ou reconversión profesional, salvo causa xustificada, ofrecidos polo servizo público de emprego ou polas entidades asociadas dos servizos integrados para o emprego, ou polo órgano xestor da prestación por cesación de actividade do traballador autónomo.

Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por colocación axeitada e por traballos de colaboración social os que reúnan os requisitos establecidos, respectivamente, no número 3 do artigo 231 e no número 3 do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 26, que queda redactado como segue:

«2. Compatibilizar a percepción de prestacións ou subsidio por desemprego, así como a prestación por cesación de actividade dos traballadores autónomos, co traballo por conta propia ou allea, salvo no caso do traballo a tempo parcial nos termos previstos na normativa correspondente. No caso de subsidio por desemprego dos traballadores eventuais agrarios, entenderase que o traballador compatibilizou a percepción da prestación co traballo por conta allea ou propia cando os días traballados non fosen declarados na forma prevista na súa normativa específica de aplicación.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 28, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Aceptar a asociación de empresas non incluídas no ámbito territorial ou funcional da entidade sen estaren autorizadas; non aceptar toda proposición de asociación que formulen as empresas comprendidas no seu ámbito de actuación; concertar convenios de asociación de duración superior a un ano; e non protexer a totalidade dos traballadores dunha empresa asociada correspondentes a centros de traballo situados na mesma provincia, e non atender as solicitudes de cobertura da protección por cesación de actividade dos traballadores autónomos cos cales teñan formalizada a cobertura por continxencias profesionais.»

Seis. Introdúcense os números 9, 10 e 11 no artigo 28, coa seguinte redacción:

«9. Non cumprir coa normativa relativa ao recoñecemento, suspensión, extinción e restablecemento derivado da xestión da prestación por cesación de actividade dos traballadores autónomos.»

«10. Incumprir a normativa da prestación por cesación de actividade dos traballadores autónomos respecto á xestión do desenvolvemento de convocatorias e accións específicas de formación, orientación profesional, información, motivación, reconversión ou inserción profesional do traballador autónomo que se determinen.»

«11. A declaración ou denegación da forza maior como situación legal da cesación de actividade dos traballadores autónomos sen ter en consideración a documentación achegada polo solicitante.»

Sete. Introdúcese un número 8 no artigo 29, coa seguinte redacción:

«O falseamento da declaración de forza maior para que os traballadores autónomos obteñan ou gocen fraudulentamente a prestación por cesación de actividade, así como a conivencia cos traballadores autónomos para a obtención de prestacións indebidas, ou para eludir o cumprimento das obrigas que a calquera deles correspondan en materia da prestación por cesación de actividade.»

Oito. Introdúcese un número 9 no artigo 29, coa seguinte redacción:

«Falta de dilixencia suficiente na supervisión da xestión da prestación, de forma reiterada e prolongada no tempo.»

Nove. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 47, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. No caso dos solicitantes e beneficiarios de pensións ou prestacións de Seguridade Social, incluídas as de desemprego e a prestación por cesación de actividade dos traballadores autónomos, as infraccións sancionaranse:

a) As leves con perda da pensión durante un mes. No caso das prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, as infraccións leves tipificadas nos números 2 e 3 do artigo 24 sancionaranse conforme a seguinte escala:

1. Infracción. Perda de 1 mes de prestacións.
2. Infracción. Perda de 3 meses de prestacións.
3. Infracción. Perda de 6 meses de prestacións.
4. Infracción. Extinción de prestacións.

No caso da prestación por cesación de actividade dos traballadores autónomos, a infracción leve do artigo 24.3 sancionárase conforme a seguinte escala:

1. Infracción. Perda de 15 días de prestación.
2. Infracción. Perda de 1 mes e 15 días de prestación.
3. Infracción. Perda de 3 meses de prestación.
4. Infracción. Extinción da prestación.

Aplicaranse estas escalas a partir da primeira infracción e cando entre a comisión dunha infracción leve e a anterior non transcorran máis dos 365 días que establece o artigo 41.1 desta lei, con independencia do tipo de infracción.

b) As graves tipificadas no artigo 25 con perda da prestación ou pensión durante un período de tres meses, salvo as dos seus números 2 e 3, respectivamente, nas prestacións por incapacidade temporal e nas prestacións e subsidios por desemprego, así como na prestación por cesación de actividade dos traballadores autónomos, nas cales a sanción será de extinción da prestación.

No caso das prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial as infraccións graves tipificadas no número 4 do artigo 25 sancionaranse conforme a seguinte escala:

1. Infracción. Perda de 3 meses de prestacións.
2. Infracción. Perda de 6 meses de prestacións.
3. Infracción. Extinción de prestacións.

No caso da prestación por cesación de actividade dos traballadores autónomos, a infracción grave tipificada no artigo 25.4 b) sancionárase conforme a seguinte escala:

1. Infracción. Perda de 1 mes e 15 días de prestación.
2. Infracción. Perda de 3 meses de prestación.
3. Infracción. Extinción da prestación.

Aplicaranse estas escalas a partir da primeira infracción e cando entre a comisión dunha infracción grave e a anterior non transcorran máis dos 365 días que establece o artigo 41.1 desta lei, con independencia do tipo de infracción.

c) As moi graves, con perda da pensión durante un período de seis meses ou con extinción da prestación ou subsidio por desemprego, ou da prestación por cesación de actividade do traballador autónomo.

Igualmente, poderán ser excluídos do dereito a percibir calquera prestación económica e, de ser o caso, axuda de fomento de emprego durante un ano, así como do dereito a participar durante ese período en accións formativas en materia de formación profesional ocupacional e continua.

d) No obstante as sancións anteriores, no suposto de que a transgresión das obrigas afecte o cumprimento e conservación dos requisitos que dan dereito á prestación, a entidade xestora poderá suspender cautelarmente a prestación ata que a resolución administrativa sexa definitiva.

2. No caso de traballadores por conta propia ou allea e demandantes de emprego non solicitantes nin beneficiarios de prestacións por desemprego, ou da prestación por cesación de actividade do traballador autónomo, as infraccións sancionaranse:

a) No caso de desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, non solicitantes nin beneficiarios de prestacións por desemprego, as infraccións leves, graves e moi graves tipificadas no artigo 17 sancionaranse co cambio da situación administrativa da súa demanda de emprego da de alta á de baixa, situación en que permanecerán durante un, tres e seis meses, respectivamente. Nesta situación estes demandantes non participarán en procesos de intermediación laboral nin serán beneficiarios das accións de mellora da ocupabilidade establecidas nas políticas activas de emprego.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, estes demandantes, cando traballen e queden en situación de desemprego, poderán ben inscribirse novamente no Servizo Público de Emprego e, nese caso, solicitar as prestacións e subsidios por desemprego, ou ben solicitar a prestación por cesación de actividade, se reúnen os requisitos exixidos para iso.

b) No caso de traballadores por conta propia ou allea que cometan as infraccións tipificadas no artigo 17.3, serán excluídos do dereito a percibir axudas de fomento de emprego e a participar en accións formativas en materia de formación profesional ocupacional e continua durante seis meses.»

Dez. Engádese un novo número 4 bis no artigo 48, coa seguinte redacción:

«4 bis. A imposición das sancións por infraccións aos traballadores autónomos ou por conta propia, nos casos en que estas afecten a prestación por cesación na actividade, corresponderá, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, segundo o órgano xestor:

a) Se a xestión corresponde a un organismo público, a imposición da sanción corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal ou ao Instituto Social da Mariña, segundo os casos.

b) Se a xestión corresponde a unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, á autoridade competente correspondente á provincia en que se procedese ao recoñecemento da protección.»

Disposición derradeira terceira. *Habilitación ao Goberno.*

1. Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei, no ámbito das súas competencias.

2. A habilitación ao Goberno conferida no número anterior inclúe a posibilidade de modificar, por medio de norma con rango de regulamento, a letra c) do artigo 62.1 que a disposición adicional décimo segunda desta lei engadiu ao regulamento aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Súmase unha nova letra e) ao número 2 do artigo 5 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactada nos seguintes termos:

«e) Establecer os supostos e condicións en que os suxeitos responsables no ámbito da Seguridade Social, de acordo co previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, quedarán obrigados a recibir as notificacións por medios informáticos ou telemáticos.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Engádesse unha nova disposición adicional, a quincuaxésima, ao texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quincuaxésima. *Notificacións de actos administrativos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.*

1. As notificacións por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos de actos administrativos no ámbito da Seguridade Social efectuaranse na sede electrónica da Seguridade Social, respecto aos suxeitos obrigados que determine o ministro de Traballo e Inmigración, así como respecto a aqueles que, sen estaren obrigados, optasen por esta clase de notificación.

Os suxeitos non obrigados a seren notificados en forma telemática na sede electrónica da Seguridade Social que non optasen por esta forma de notificación, serán notificados no domicilio que expresamente indicasen para cada procedemento e, no seu defecto, no que figure nos rexistros da Administración da Seguridade Social.

2. As notificacións dos actos administrativos que traian causa dos datos transmitidos electronicamente a través do sistema RED, realizadas aos autorizados para esta transmisión, efectuaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos na sede electrónica da Seguridade Social, e serán válidas e vinculantes para todos os efectos legais para as empresas e suxeitos obrigados a que se refiran os ditos datos, salvo que estes últimos manifestasen a súa preferencia por que a dita notificación en sede electrónica se lles efectúe directamente a eles ou a un terceiro.

3. Para os efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as notificacións realizadas na sede electrónica da Seguridade Social entenderanse rexeitadas cando, existindo constancia da posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido.

4. Nos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e ao abeiro do disposto no artigo 12 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as notificacións que non se puidesen realizar na sede electrónica da Seguridade Social ou no domicilio do interesado, conforme o indicado nos números anteriores, practícaranse exclusivamente no taboleiro de edictos da Seguridade Social situado na dita sede electrónica.

Transcorridos 20 días naturais desde que a notificación se publicase no taboleiro de edictos da Seguridade Social, entenderase que esta foi practicada, darase por cumprido o trámite e continuarase co procedemento.

O taboleiro de edictos da Seguridade Social será xestionado pola Secretaría de Estado da Seguridade Social. A práctica da notificación nel efectuarase nos termos que se determinen por orde do Ministerio de Traballo e Inmigración.»

Disposición derradeira sexta. *Modifícase o artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.*

«Artigo 32. *Actuación preventiva das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.*

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social non poderán desenvolver directamente as funcións correspondentes aos servizos de prevención alleos. Iso sen prexuízo de que poidan participar con cargo ao seu patrimonio histórico nas sociedades mercantís de prevención constituídas para este único fin, nos termos e condicións que se establezan nas disposicións de aplicación e desenvolvemento.»

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de agosto de 2010

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO